

Resolución pola que se aproba e fai pública a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para elaborar unha listaxe de espera da categoría profesional diplomado/a en enfermaría, grupo II.

Por resolución da Xerencia do 12 de setembro de 2024, convócase proceso de selección para elaborar unha listaxe de espera da categoría profesional diplomado/a en enfermaría, grupo II, do cadro de persoal laboral, da Universidade de Santiago de Compostela.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o xerente resolve:

1. Aprobar e publicar a **listaxe provisoria** de persoas admitidas e excluídas ao proceso de selección, relacionadas no **Anexo I**.
2. As persoas aspirantes excluídas dispoñen dun prazo de **tres días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no taboleiro electrónico da USC, para emendar calquera erro ou omisión que se producira. . Deben empregar o formulario de emendas dispoñible na sede electrónica da USC, na seguinte ligazón <https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/EmendaProcesoSelectivoProcedemento.htm>
As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán definitivamente excluídas.
3. Nomear o tribunal encargado de avaliar o proceso, coa composición que se indica a seguir:

Presidenta:

- Raquel Rodríguez González, profesora titular de universidade da USC.

Vogais:

- Ángeles Sandar Picado, persoal laboral fixo do grupo I da USC
- Juan Oreiro Formoso, persoal laboral fixo do grupo II da USC.
- José Antonio Burés Liñares, persoal laboral fixo do grupo I da USC

Secretaria:

- Lucía Vázquez Salgado, funcionaria da escala de Xestión da USC

Santiago de Compostela
O xerente
Antonio Javier Ferreira Fernández
(Sinatura dixital)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/10/2024 16:55:55.

CSV: 4851-A7AF-4338-A545